



CONCELLO
DA GUARDA

BANDO

Antonio Lomba Baz, Alcalde do Concello da Guarda

FAGO SABER

Co fin de manter as condicións de seguridade e ornato das fincas existentes no Concello da Guarda e evitar os prexuízos que poidan causar aos veciños os terreos en estado de abandono, é do máximo interese que as leiras e solares se atopen nun adecuado estado de limpeza e coa masa forestal rozada.

É o noso deber como veciños cumprir coas nosas obrigas para facilitar a convivencia tranquila e pacífica entre tódolos cidadáns. Así, os propietarios dos terreos, construcións edificios e instalacións deben cumprir cos requirimentos que marca a lexislación vixente:

- no artigo 135 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, recolle que *"...deberán mantelos en condicións de seguridade, salubridade, e accesibilidade universal e ornato legalmente esixible e conservarán e manterán o solo natural e, no seu caso, a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga e demais condicións que se determinen na lexislación vixente"*.
- no artigo 21.1 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia, obriga aos propietarios dos terreos a xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros a redor de calquera núcleo de poboación, edificación, urbanización, depósito de lixo, camping, instalacións recreativas, obras, parque e instalacións industriais. Ademais nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (eucaliptos, piñeiros, acacias,...). No artigo 22.1 establece que **"se deberá proceder á execución da xestión da biomasa no ámbito das redes secundarias antes do 30 de xuño de cada ano de acordo cos criterios establecidos por orde da Consellería en materia forestal"**.
- no Regulamento de Limpeza Pública e de Recollida do Lixo do concello da Guarda (BOP Nº 202, de data 21 de outubro de 2016) establece que *"os propietarios de terreos, urbanizacións de iniciativa particular, edificacións e instalacións deberán mantelos en todo momento nas debidas condicións de hixiene, salubridade, ornato e seguridade. Para elo realizarán as tarefas de limpeza que resulten necesarias, permanecendo limpos de maleza, augas estancadas, roedores, residuos, etc. e impedindo que as augas procedentes da propiedade, as ramas das árbores e plantas afecten á vía pública. Recordando a obrigación da limpeza dos valados das fincas dado que forman parte da propiedade particular"*.

Dende o Concello solicitamos a máxima colaboración de tódolos veciños e veciñas lembrando que, no caso de incumprimento do establecido neste bando, o Concello poderá optar, segundo os casos, pola execución subsidiaria dos traballos de limpeza, repercutindo o custo da mesma nos titulares das fincas, ou pola imposición de multas coercitivas de entre 1.000 a 10.000 euros; todo iso sen prexuízo de proceder á apertura do correspondente expediente sancionador que poderá conlevar a imposición de sancións cunha contía comprendida entre os 600 e os 6.000 euros.

A Guarda a 5 de abril de 2017

O Alcalde

Antonio Lomba Baz

